

FICHA TÉCNICA “PROGRAMA DE XADREZ”

Nome da actividade:	PROGRAMA DE XADREZ
Data:	CURSO ESCOLAR
Lugar de realización:	PRAZAS E RÚAS DA CIDADE
Curso/s:	PÚBLICO EN XERAL
Número de alumnos/as:	4.815
Orzamento:	12.000 €
Realiza:	ESCOLA LUGUESA DE XADREZ
Contido:	Durante todo o ano, as actividades de xadrez están presentes no ámbito escolar e familiar, saíndo á rúa para que tódolos viandantes disfruten coas probas, ou ben organizando torneos para escolares e familiares. Dentro do programa de xadrez, atopamos as seguintes actividades: Torneo de xadrez no Nadal, Torneo de xadrez no Entroido, Torneo de xadrez Intercentros, Torneo de xadrez de Semana Santa, Festa do xadrez, xadrez na escola, escola de perfeccionamento, campamento de xadrez, viaxe pola historia do xadrez e as actividades de verán “Scacorum e baúl viaxeiro” na Piscina Municipal de Frigsa.

FICHA TÉCNICA “HORTO ESCOLAR”

Nome da actividade:	HORTOS ESCOLARES
Data:	2º e 3º TRIMESTRE DO CURSO 2008-09
Lugar de realización:	10 CEIP e 2 PARVULARIOS DO CONCELLO DE LUGO
Curso/s:	EDUCACIÓN INFANTIL
Número de alumnos/as:	900
Orzamento:	13.287,09 €
Realiza:	Aula Etnográfica e Medioambiental “TREVIA”
Contido:	O principal obxectivo é achegar ós e nenas de educación infantil ó contorno natural, intervindo no ciclo natural, así como participando nalgúns dos seus aproveitamentos, o que lles facilita a comprensión da relación materia prima-producto final. En cada escola transformouse unha parte de terreo nunha horta planificada especificamente para o traballo cos rapaces e rapazas na mesma.

FICHA TÉCNICA “VI GOBERNO MUNICIPAL INFANTIL”

Nome da actividade:	VI GOBERNO MUNICIPAL
Data:	DECEMBRO - XUÑO
Curso/s:	5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
Número de alumnos/as:	400
Orzamento:	18.000 €
Realiza:	Concellería de Educación
Contido:	Os membros do VI Goberno Infantil trataron diversos aspectos da nosa cidade, así como a visita do concelleiro adulto ó colexio que ten asignada a súa Concellería dentro do <u>Goberno Municipal Infantil</u> . Ademais das propostas suxestionadas por este Goberno Municipal Infantil, tamén se analizaron aquelas propostas feitas no ano anterior, así como aparición nos medios de comunicación coas campañas de <i>Pekeaxentes e Saúde escolar</i> , entrevistas ó alcalde infantil, etc.

FICHA TÉCNICA “TEATRO INFANTIL”

Nome da actividade:	XVIII MOSTRA DE TEATRO INFANTIL
Data:	14 DE OUTUBRO Ó 27 DE NOVEMBRO
Lugar de realización:	AUDITORIO GUSTAVO FREIRE E CENTRO SOCIAL DE FINGOI
Curso/s:	E. INFANTIL e E. PRIMARIA
Número de alumnos/as:	5.138
Orzamento:	47.000 €
Realiza:	Acción Educativa
Contido:	Trátase dunha actividade con tradición e que conta con gran participación por parte dos centros escolares, que pretenden achegar ó seu alumnado ó teatro e ós valores que as obras transmiten.

**FICHA TÉCNICA “XIV CERTAME DE CONTOS E
RELATOS CURTOS TRAPERO PARDO”**

Nome da actividade:	XIV CERTAME DE CONTOS E RELATOS CURTOS TRAPERO PARDO
Data:	NOVEMBRO
Número de alumnos:	60
Curso/s:	DOS 12 ÓS 18 ANOS
Orzamento:	2.100 €
Realiza:	Concellería de Educación
Contido:	Este certame convócase co obxecto de contribuír a fomenta-la creatividade literaria entre os escolares e estudantes da provincia de Lugo.

FICHA TÉCNICA “CURSOS DE FORMACIÓN DO PROFESORADO”

Nome da actividade:	CURSOS DE FORMACIÓN DO PROFESORADO
Data:	ANO 2009
Lugar de realización:	IES POLITÉCNICO e IES NOSA SRA. OLLOS GRANDES
Orzamento:	12.000 €
Realiza:	Asociación Escola Viva
Contido:	<p>Trátase dunhas xornadas sobre a actualidade educativa dirixidas a profesionais da ensinanza de toda a comunidade galega, organizadas pola Concellería de Educación do Concello de Lugo e a Asociación Escola Viva. Estas xornadas teñen gran acollida e contaron con ponentes de relevancia. Os cursos son os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none">➤ Ferramentas informáticas aplicadas á educación➤ Encontros profesorado de ensino obrigatorio➤ LOE: calidade e equidade➤ Elaboración do Plan lector➤ Atención á diversidade➤ Plan TIC➤ Elaboración do Plan TIC

FICHA TÉCNICA “ESCOLA DE NAIS E PAIS”

Nome da actividade:	ESCOLA DE NAIS E PAIS
Data:	MARZO E ABRIL 2009
Lugar de realización:	AULA MULTIUSOS DE EDUCACIÓN “LÓPEZ MELLA”, CSM UXÍO NOVONEYRA
Curso/s:	PARA PAIS E NAIS
Asistentes:	320
Orzamento:	8.100 €
Realiza:	Concello de Lugo, Asociación Socio- Pedagóxica Galega e Asociación Bule Bule
Contido:	É un espazo de formación para pais e nais como elemento fundamental no desenvolvemento das persoas, incidindo en aspectos básicos de ensinanza-aprendizaxe, convivencia, normas de conducta,etc. As actividades foron: <ul style="list-style-type: none">• Aprender para educar• Presentación libros do Dr. Estivill “A jugar” e “Duérmete mi niño”• Impresión de carteis e trípticos informativos sobre xornadas da asociación Bule Bule

FICHA TÉCNICA “ANIMACIÓN Á LECTURA”

Nome da actividade:	PROGRAMA ANIMACIÓN Á LECTURA
Data:	DO 26 Ó 30 DE ABRIL
Lugar de realización:	C.S. FINGOY E CENTROS ESCOLARES
Curso/s:	EDUCACIÓN INFANTIL , PRIMARIA E SECUNDARIA
Número de alumnos/as:	4.774
Orzamento:	7.528 €
Realiza:	Concellería de Educación en colaboración co Grupo Anaya
Contido:	A actividade de animación consiste nun contacontos, que contará as súas historias ós máis pequenos coa axuda da música, para facer os seus relatos dun xeito motivante e que achegue os nenos e as nenas á nosa tradición oral, así como dotación de libros para os centros escolares,

FICHA TÉCNICA “SEMANA DA ORALIDADE 2009”

Nome da actividade:	SEMANA DA ORALIDADE 2009
Data:	MAIO
Lugar de realización:	CEIPs DO CONCELLO DE LUGO
Curso/s:	E. PRIMARIA
Número de alumnos/as:	1.000 + público xeral
Orzamento:	11.000 €
Realiza:	Concellería de Educación
Contido:	Trátase dunha actividade de contacontos para nenos e nenas de Educación Primaria como medio de fomentar e dar a coñecer a tradición oral que pervive en Galicia dende hai moitos anos.

FICHA TÉCNICA “TEATRO EN INGLÉS”

Nome da actividade:	TEATRO EN INGLÉS
Data:	29 DE ABRIL
Lugar de realización:	AUDITORIO MUNICIPAL
Curso/s:	ESO e BAC
Número de alumnos/as:	1.000
Orzamento:	1913 €
Realiza:	Moving On SL
Contido:	É un espectáculo cómico, visual e participativo para todo o alumnado a partir de 14 anos. Tódalas obras están integramente interpretadas en inglés por nativos de Gran Bretaña, mesturando unha historia fácil de entender, música e comedia. Tamén ven acompañada dun apoio e material didáctico composto por un libro coas letras das cancións da obra e a súa tradución, máis a cinta coas propias cancións, abordando temas como a solidariedade, necesidades sociais, etc.

FICHA TÉCNICA “FESTIVAL FIN DE CURSO”

Nome da actividade:	FESTIVAL FIN DE CURSO 2008/09
Data:	31 DE MAIO, 6 DE XUÑO
Lugar de realización:	CENTRO HISTÓRICO DE LUGO
Curso/s:	INFANTIL E PRIMARIA
Número de alumnos/as:	500
Orzamento:	4.947 €
Realiza:	Asociación Cultural “O Trinta e tres”, VITAE e Escola Luguesa de Xadrez
Contido:	Como remate do curso escolar, a Concellería de Educación organizou un festival de Danzas o día 31 de maio, así como un festival de Patinaxe o día 6 de maio, ademais do festival de Xadrez tamén o 31 de xuño, contando con gran participación.

FICHA TÉCNICA “TEATRO GRECOLATINO”

Nome da actividade:	TEATRO GRECOLATINO
Data:	DO 9 Ó 11 DE MARZO
Lugar de realización:	AUDITORIO GUSTAVO FREIRE
Curso/s:	BAC
Número de alumnos/as:	4.500, procedentes da capital e provincia de Lugo, así como de Asturias e León.
Orzamento:	6.000 €
Realiza:	Delegación Gallega de la Sociedad Española de Estudios Clásicos
Contido:	Esta actividade trata de achegar os estudantes a obras clásicas e ós principios do teatro, con obras coñecidas e autores que sobreviven ó paso do tempo.

FICHA TÉCNICA “PARQUE INFANTIL DE TRÁFICO”

Data:	CURSO ESCOLAR
Lugar de realización:	NOS PROPIOS CENTROS E NO PIT
Curso/s:	INFANTIL, PRIMARIA E ESO
Realiza:	Parque Infantil de Tráfico (PIT)
Contido:	O Parque Infantil de Tráfico (PIT), realiza diferentes actividades ó longo do curso escolar, destacando: clases teóricas e prácticas de conducción segura, cursos de ciclomotor, Concurso de debuxo “Cidade de Lugo”, Concurso Nacional de Educación Vial e Cursos de verán, cun total de máis de 2.400 alumnos e alumnas.

FICHA TÉCNICA “AULA DE FORMACIÓN TEATRAL”

Nome da actividade:	AULA DE FORMACIÓN TEATRAL
Data:	CURSO ESCOLAR
Lugar de realización:	CENTRO SOCIAL DE FINGOI, AULA MULTIUSOS DE EDUCACIÓN “LÓPEZ MELLA”
Destinatarios/as:	Alumnado de Educación Primaria, Secundaria e público a partir de 16 anos
Orzamento:	18.000 €
Realiza:	Concellería de Educación
Contido:	Actividade de iniciación ó teatro e ás artes escénicas para os xoves, como medio de expresión e recurso para o tempo de lecer. Así mesmo, neste curso realizouse esta actividade con membros do <u>Proxecto</u> <u>Home</u> , resultando unha experiencia moi positiva.

**FICHA TÉCNICA “XXIII ENCONTRO GALEGO-
PORTUGUÉS DE EDUCADORES POLA PAZ”**

Nome da actividade:	XXIII ENCONTRO GALEGO PORTUGUÉS DE EDUCADORES POLA PAZ
Data:	24, 25 E 26 DE ABRIL
Destinatarios/as:	PERSOAL DOCENTE
Nº participantes:	250
Orzamento:	3.700 €
Realiza:	Nova Escola Galega
Contido:	Con esta actividade cúmprese vintetrés anos dos <u>Encontros Galego-Portugueses de Educadores e educadoras pola Paz</u> , reunindo a profesionais da Ensinanza para tratar temas de actualidade e problemática social dende unha perspectiva educadora, sendo este ano a cidade de Chaves a elixida para acoller esta actividade.

FICHA TÉCNICA “CORRELINGUA”

Nome da actividade:	CORRELINGUA
Data:	11 DE MAIO
Lugar de realización:	RÚAS E PRAZAS DA CIDADE
Curso/s:	PRIMARIA E ESO
Número de alumnos/as:	1.700
Orzamento:	3.600 €
Realiza:	Asociación Sociopedagóxica Galega
Contido:	Esta actividade ten como obxectivo proxectar nos centros de ensino unha actividade lúdica e común a prol da normalización do galego, reclamando unha maior proxección social, consistente en actividades lúdico-deportivas, concurso para centros escolares, etc.

FICHA TÉCNICA “PROGRAMA DE JAZZ”

Nome da actividade:	PROGRAMA DE JAZZ
Data:	PRIMEIRO TRIMESTRE
Lugar de realización:	AUDITORIO MUNICIPAL
Curso/s:	ESO
Número de alumnos/as:	715
Orzamento:	10.500 €
Realiza:	Grupo “La vella Dixieland”
Contido:	Con este programa ampliamos a oferta de actividades pedagóxicas ós escolares da ESO, ofrecendo concertos de jazz realizados por profesionais con experiencia en concertos para escolares.

FICHA TÉCNICA “IMPRESIÓNS GRÁFICAS”

Nome da actividade:	IMPRESIÓNS GRÁFICAS
Data:	CURSO ESCOLAR
Orzamento:	3.500 €
Realiza:	CONCELLO DE LUGO
Contido:	Dende a Concellería de Educación emítense os Cadernos de Literatura Galega na Escola, como medio de dar a coñecer ós escolares da ESO dos Centros de Lugo ós escritores/as lucenses, sendo este ano adicado a Marica Campo e Ramón Piñeiro polo Día das Letras Galegas.

FICHA TÉCNICA “ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES” E
“PROGRAMA UNHA ESCOLA ABERTA”

Nome da actividade:	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E PROGRAMA UNHA ESCOLA ABERTA
Data:	CURSO ESCOLAR
Lugar de realización:	CENTROS ESCOLARES
Curso/s:	INFANTIL E PRIMARIA
Orzamento:	133.723 €, equivalente a un contrato coa empresa durante un ano, incluídos o comedor dos CEIPs Albeiros e Rosalía de Castro, que se sumaron ó Programa <u>“Unha Escola Aberta”</u> .
Realiza:	Concello de Lugo coa empresa A Billarda
Contido:	O Programa <u>“Unha Escola Aberta”</u> contribúe á conciliación da vida familiar e laboral das familias a través de ofertas de servicios de almorzo e comedor nos horarios anteriores ó comezo das clases. Tamén se ofrecen actividades de calidade para o tempo de lecer e fomentan as aprendizaxes das ensinanzas non formales. En canto ás actividades extraescolares, ofértanse: Danza tradicional galega, xadrez, patinaxe, contacontos, títeres, baile moderno, gaita, contacontos, informática, fútbol sala, tenis, manualidades, pintura e teatro.

FICHA TÉCNICA “VIVIR XUNTOS, CONVIVIR”

Nome da actividade:	VIVIR XUNTOS, CONVIVIR
Data:	CURSO ESCOLAR
Lugar de realización:	CENTRO MULTIUSOS DE EDUCACIÓN “LÓPEZ MELLA”
Destinatarios/as:	PROFESORADO DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE LUGO
Orzamento:	14.860 €
Realiza:	CONCELLO DE LUGO
Contido:	Trátase dun proxecto de mellora da convivencia que ten como finalidade ofrecer ós centros educativos participantes a posibilidade de adquirir formación e traballar xuntos sobre os diferentes aspectos que inflúen na aparición e na resolución de conflitos por vía pacífica, a través de charlas e conferencias, obradoiros, intercambio de experiencias, material didáctico, etc.

FICHA TÉCNICA “OBRADOIROS CIENCIA DIVERTIDA”

Nome da actividade:	OBRADOIROS CIENCIA DIVERTIDA
Data:	DE ABRIL A XUÑO
Lugar de realización:	CEIPs
Curso/s:	INFANTIL E PRIMARIA
Número de alumnos/as:	1.710
Orzamento:	9.747 €
Realiza:	CIENCIA DIVERTIDA
Contido:	<p>Por medio de talleres didácticos e prácticos. se realizan as actividades nos propios Centros Escolares, ensinando ó alumnado a detectar situacións de risco na casa, a importancia de hábitos de hixiene, aforro de auga, medidas de protección e conservación do medio ambiente dende as nosas casa, etc., incluso nalgún obradoiro o alumnado puido levar a casa os produtos que eles mesmos fabricaron.</p> <p>Os obradoiros foron os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> • “Tolas Pompas”: 2º e 3º Educación Infantil • “Os Tolos Estados da Materia”: 1º ciclo Educación Primaria • “A Densidade da Materia”: 2º ciclo Educación Primaria • “Descubriendo a Electricidade”: 3º ciclo Educación Primaria

FICHA TÉCNICA “CARTEIRO REAL”

Nome da actividade:	CARTEIRO REAL
Data:	DECEMBRO
Lugar de realización:	CENTROS ESCOLARES
Curso/s:	INFANTIL E PRIMARIA
Número de alumnos/as:	4.500
Orzamento:	6.124 €
Realiza:	Empresa AXIÑA
Contido:	Consiste na visita dun carteiro “Real” co seu paxe para recoller as cartas de Nadal dos nenos e nenas do Centro. Estas personaxes irían nun vehículo especial para chegar ao recinto escolar, e unha vez dentro, nun aula grande ou salón de actos, recibirían ós pequenos para que lles entreguen as cartas de Nadal.

FICHA TÉCNICA “OBRADOIROS DE MATEMÁTICAS”

Nome da actividade:	OBRADOIROS DE MATEMÁTICAS
Data:	Sábados de 10 a 13 horas, durante o 2º E 3º TRIMESTRE
Lugar de realización:	CENTRO MULTIUSOS DE EDUCACIÓN “LÓPEZ MELLA”
Curso/s:	PRIMARIA
Número de alumnos/as:	50
Orzamento:	4.500 €
Contido:	Consiste na realización de obradoiros para rapaces e rapazas relacionados co mundo das matemáticas, tanto de cálculo e representacións xeométricas, como de “matemaxia” e todas aquelas actividades destinadas a que os rapaces se divirtan e aprendan coas matemáticas e estén en contacto con outros rapaces coas mesmas afeccións.

FICHA TÉCNICA “MATEMÁTICAS NA RÚA”

Nome da actividade:	MATEMÁTICAS NA RÚA
Data:	13 DE MAYO
Lugar de realización:	RÚAS E PRAZAS DA CIDADE
Curso/s:	3º CICLO DE PRIMARIA E ESO
Número de alumnos/as:	450
Orzamento:	13.000 €
Contido:	<p>É unha actividade coa que se busca outro xeito de achegar as matemáticas á xente, non só á mocidade lucense senón tamén as persoas maiores. Con esta actividade preténdese facilitar aos estudantes unha serie de ferramentas matemáticas, especialmente de manipulación, novas e recreativas, que axudarán a acadar bos resultados na asignatura. Contidos da actividade:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Números: Cálculo mental, calculadoras. • Xeometría 2D: puzzles e tangrams planos. • Xeometría 3D: Puzzles 3D, Estructura, Xeodésicas, Perfiles. • Lóxica: Problemas de lóxica. • Xeometría dinámica: Simetrías. Xogos con espellos • Mosaicos: Construción de mosaicos.

FICHA TÉCNICA “AULA ABERTA DE FILOSOFÍA”

Nome da actividade:	AULA ABERTA DE FILOSOFÍA
Data:	26 E 27 DE XANEIRO
Lugar de realización:	AUDITORIO MUNICIPAL
Curso/s:	EDUCACIÓN SECUNDARIA
Número de alumnos/as:	500
Orzamento:	4.500 €
Realiza:	Concello de Lugo en colaboración con AGADIC
Contido:	Consiste en representacións teatrais con contido filosófico para o alumnado de Educación Secundaria, como xeito de acceder ós contidos desa materia dende un xeito lúdico e didáctico. A obra realízase a través da compañía “Microscopio Perdicionés”, habendo unha representación tamén para o público xeral.

FICHA TÉCNICA “CONCERTOS DIDÁCTICOS”

Nome da actividade:	CONCERTOS DIDÁCTICOS
Data:	5 E 6 DE MAIO
Lugar de realización:	AUDITORIO MUNICIPAL
Curso/s:	2º E 3º CICLO EDUCACIÓN PRIMARIA
Número de alumnos/as:	1.110
Orzamento:	1.566 €
Realiza:	Concello de Lugo en colaboración con Caja Madrid
Contido:	Trátase dun concerto didáctico para o alumnado do segundo e terceiro ciclo de Educación Primaria, titulado “Sonidos de la Tierra”, para completar a formación musical do noso alumnado a través dun percorrido didáctico de instrumentos, ritmos e músicas pertencentes a tódolos rincóns do mundo.

FICHA TÉCNICA “QUINCENA DA ARTE E LITERATURA INFANTIL”

Nome da actividade:	QUINCENA DA ARTE E LITERATURA INFANTIL
Data:	ABRIL
Lugar de realización:	CENTROS ESCOLARES E CSM UXÍO NOVONEYRA
Curso/s:	2º e 3º Ciclo de Educación Primaria, alumnado da Escola de Formación do Profesorado de Lugo, do IES Sanxillao e da Escola de Artes Aplicadas “Ramón Falcón”
Número de alumnos/as:	700
Orzamento:	12.000 €
Realiza:	Concello de Lugo en colaboración con Editorial OQO
Contido:	Esta actividade consta de dotación de libros premiados polas súas ilustracións para os centros escolares, e tamén de actividades a realizar no CSM Uxío Novoneyra, tales como <i>Obradoiros de plástica creativa</i> e <i>Os soños da teteira. Xogando co Surrealismo</i> .

FICHA TÉCNICA “SEGUNDA EDICIÓN DO CERTAME INTERNACIONAL DE GRAFFITI STYLE FIGHTER”

Nome da actividade:	SEGUNDA EDICIÓN DO CERTAME INTERNACIONAL DE GRAFFITI STYLE FIGHTER
Data:	17 E 18 DE XULLO
Lugar de realización:	PARQUE DA MILAGROSA
Orzamento:	6.000 €
Realiza:	Concello de Lugo
Contido:	Este proxecto trata sobre decorar un muro na cidade para que perdure por sempre como expresión artística e non exposto ao deterioro do tempo e a humidade. Pero ademais, para facelo máis espectacular, nesta edición, decorouse un edificio enteiro. Coa axuda de grúas móbiles os artistas deron renda solta a súa creatividade,e desta forma a obra formará parte da contorna do Skate Park de Frigsa e da cidade de Lugo, véndose dende varios puntos da mesma. Contouse para este proxecto con artistas recoñecidos a nivel local, nacional e internacional.

FICHA TÉCNICA “VARIOS”

Nome da actividade:	VARIOS
Data:	CURSO ESCOLAR
Orzamento:	11.242 €
Realiza:	Concello de Lugo
Contido:	<p>A través de aportacións económicas, a Concellería de Educación colabora na divulgación de actividades e desenvolvemento das mesmas. As actividades foron:</p> <ul style="list-style-type: none">• Trípticos CEIP Manuel Mallo Mallo• Agasallos institucionais Escolas Viaxeiras• Agasallos xornadas Escola Viva• Impresión orlas Conservatorio de Danza• Revista Galega de Educación• Impresión de guías escolares dos colexios: Anexa, As Mercedes, Sagrado Corazón, Menéndez Pelayo, Conservatorio de Música e Conservatorio de Danza.

FICHA TÉCNICA “MOSTRA DE TEATRO ESPECIAL ANADE”

Nome da actividade:	MOSTRA DE TEATRO ESPECIAL ANADE
Data:	1º TRIMESTRE
Lugar de realización:	AUDITORIO MUNICIPAL
Curso/s:	2º E 3º CICLO EDUCACIÓN PRIMARIA
Número de alumnos/as:	500
Orzamento:	9.000 €
Realiza:	Concello de Lugo en colaboración coa Fundación ANADE
Contido:	Con esta actividade preténdese reforzar o traballo que a compañía fai relacionado coa <u>reivindicación dos dereitos das persoas con discapacidades ou enfermidades mentais</u> , a través de obras e proxectos artísticos dirixidos ó público escolar e familiar.

FICHA TÉCNICA “PONLE CARA A LA MURALLA”

Nome da actividade:	PONLE CARA A LA MURALLA
Data:	1º TRIMESTRE
Curso/s:	EDUCACIÓN PRIMARIA
Número de alumnos/as:	2.000
Orzamento:	12.000 €
Realiza:	Concello de Lugo en colaboración co <i>Grupo El Progreso</i>
Contido:	Actividade para celebrar os cen anos do diario local e conmemorar o oitavo ano da Muralla de Lugo como Patrimonio da Humanidade.

FICHA TÉCNICA “MATERIAL DIDÁCTICO AVIFAUNA”

Nome da actividade:	MATERIAL DIDÁCTICO AVIFAUNA
Data:	FEBREIRO A XUÑO
Lugar de realización:	CENTRO AVIFAUNA
Curso/s:	EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA
Número de alumnos/as:	3.500
Orzamento:	4.315 €
Realiza:	Concello de Lugo en colaboración co Centro AVIFAUNA
Contido:	A través de diverso material didáctico, o alumnado reforza os coñecementos adquiridos na visita realizada ó núcleo zoolóxico.

FICHA TÉCNICA “BOLSAS ESCOLARES DE AXUDA PARA EDUCACIÓN INFANTIL”

Nome da actividade:	BOLSAS ESCOLARES DE AXUDA PARA EDUCACIÓN INFANTIL
Data:	1º TRIMESTRE
Curso/s:	EDUCACIÓN INFANTIL
Número de alumnos/as:	210
Orzamento:	12.500 €
Realiza:	Concello de Lugo
Contido:	A través destas axudas, O Concello de Lugo pretende facilitar o acceso á educación a familias con escasos recursos, co fin de apoiar a escolarización e a igualdade de oportunidades a través do acceso á ensinanza para o alumnado de Educación Infantil.